

Cantares de cando o amor era novo



✚ O amor foi o primeiro tema da literatura escrita en galego, hai xa 900 anos. A través de diferentes xéneros poéticos, formados a partir da vella raigame da tradición oral e dos salóns das cortes aristocráticas, os poetas da lírica galego-portuguesa compuxeron centos de cantigas dedicadas ao máis fecundo dos temas literarios da historia.

Le nesta pequena escolma, seleccionada pola catedrática de Filoloxía Románica da USC Mercedes Brea a partir dos Cancioneiros de Ajuda, Vaticana e Lisboa, como naceu o amor na nosa literatura.

Ome que gran ben quer molher

Vasco Fernandez Praga de Sandin

Manuscritos: A0005;B0095

Ome que gran ben quer molher
gran dereit' á de trist' andar;
ca se lh' ela non quer prestar,
al do mundo non lh' á mester.
Mais ¿que mester lhe pod' aver
o que lhe non pode tolher
tal cuita como sigo ten?

E se est om', a que Deus quer
per algũa ventura dar
d' ela algun ben, log' a cuidar
dev' esto (se scient' ouver')
ca inda o á de perder,
e creo que dev' a morrer,
se o cuidar', con pesar én.

E tod' ome que se poder'
per algũa guisa guardar
de nunca molher muit' amar,
fará bon sen, se o fezer';
que, enos dias que viver',
¿que pesar pode já prender
eno mundo per outra ren?

Mais quen s' én ben guardar quiser',
guarde-se ben de ir a logar
u veja o bon semelhar
da mia senhor, se lhe Deus der',
que a tal fez, end' o poder;
ca se o vir', log' á d' aver
mui gran cuita sen neun ben.

Cuidava-m' eu, quando non entendia

Pai Soarez de Taveirós

Cuidava-m' eu, quando non entendia
que mal sen era de vós ben querer,
senhor fremosa, que m' én partiria
atanto que o podess' entender;
mais entend' ora que faç' i mal sen
de vós amar, pero non me part' én,
ante vos quero melhor todavia.

En mi cuidava que non poderia
de vós viir, mha senhor, se non ben,
ca non cuidei que me de vós verria
tan muito mal como m' agora ven;
e fazia dereito, ca non al,
en non cuidar que me veesse mal,
senhor fremosa, d' u o non avia.

E por mui gran maravilha terria,
senhor, que ora soubesse de qual
guisa mi ven -e dereito faria-,
ca nunca vistes maravilha tal,
ca me ven mal d' u Deus non o quis dar,
senhor, e coita mui grand' e pesar
de vós, de que mi viir non devia.

Poren, senhor, cousimento seria
e mesura grand' -assi Deus m' ampar!-
de mi fazerdes vós ben algun dia,
pois tanto mal me fazedes levar;
e se mi ben fezessedes, senhor,
sabed', a vós xe estaria melhor;
e demais Deus vo-lo gradeceria.

Quantos og' andam eno mar aquí

Pai Gomez Charinho

Quantos og' andam eno mar aquí
coidan que coita no mundo non á
senón do mar, nen an outro mal ia.
Mais doutra guisa contece oie a mi:
coita d' amor me faz escaecer
a muy gran coita do mar, e tÊer

pola mayor coita de quantas son
coita d' amor a quen a Deus quer dar.
E é gran coita de mort' a do mar
mas non é tal, e por esta razón
coita d' amor me faz escaecer
a muy gran coita do mar, e tÊer

pola mayor coita, per boa fe,
de quantas foron, nen son, nen serán.
E estes outros que amor non an
dizen que non, mas eu direi qual é:
coita d' amor me faz escaecer
a muy gran coita d' amor, e tÊer

por mayor coita a que faz perder
coita do mar, que muitos faz morrer.

A mia senhor, que me ten en poder

Johan Airas

Manuscritos: B0959;V0546

A mia senhor, que me ten en poder
e que eu sei máis d' outra ren amar,
sempr' eu farei quanto m' ela mandar
a meu grado, que eu possa fazer,
mais non lhi posso fazer ũa ren:
quando mi diz que lhi non quera ben,
ca o non posso comigo poer.

Ca se eu migo podesse poer,
se Deus mi valha, de a non amar,
ela non avia que mi rogar,
ca eu rogad' era de o fazer;
mais non posso querer mal a quen
Nostro Senhor quis dar tan muito ben
como lh' El deu, e tan bon parecer.

Sa bondad' e seu tan bon parecer
mi faz a min mia senhor tant' amar
-e seu bon prez e seu mui bon falar-
que non poss' eu, per ren, i al fazer;
mais ponha ela consigo ũa ren:
de nunca ja máis mi parecer ben,
porrei migu' eu de lhi ben non querer.

Amor, em que grave dia vos vi

Don Denis

Manuscritos: B0540;V0143

Amor, em que grave dia vos vi,
pois a que tam muit' a que eu servi,
ja mais nunca se quis doer de mi;
e pois me tod' este mal por vós vem,
mha senhor aja bem, pois est assi,
e vós ajades mal e nunca bem.

Em grave dia que vos vi, amor,
pois a de que sempre foi servidor,
me fez e faz cada dia peior;
e pois ei por vós tal coita mortal,
faça Deus sempre bem a mha senhor,
e vós, amor, ajades todo mal.

Pois da mais freiosa de quantas som
ja mais nom pud' aver se coita nom,
e por vós viv' eu em tal perdiçom
que nunca dormem estes olhos meus,
mha senhor aja bem por tal razom,
e vós, amor, ajades mal de Deus.